



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Procedemento: Contrato de obras mediante procedemento aberto simplificado

Expediente: 2024/C003/000003

Documento: Memoria xustificativa

Asinante: Luís Matovelle Gómez, arquitecto municipal

MEMORIA XUSTIFICATIVA

(Publicarase no perfil do contratante (artigo 63.3 a) da LCSP)

1. Situación actual

A Baña é un concello eminentemente rural que conta cunha ampla rede viaria que cómpre mellorar e conservar dotándoa dun firme axeitado; reforzar as xa existentes cando sexa preciso en función das dispoñibilidades económicas municipais para o fin de impedir a unha maior deterioración da rede viaria municipal.

Esta obra encádrase dentro do plan municipal de conservación e mantemento do viario municipal, con especial atención ás estradas ou vías cunha deterioración evidente polo seu uso e no que se producen danos superficiais xerando unha inseguridade viaria e peonil.

A mellora da seguridade viaria garantizará que a rede viaria municipal sexa un apoio para os diferentes modos de transporte e converter a rede local de estradas nun espazo de comunicación, seguro, funcional e atractivo para as persoas.

Necesidades:

A mellora da capa de rodaxe dun viario dividido en dous treitos de 765x4,50 m e 315x4,00 m, así como 150 m² de abanicos e 100 m² de sobreancho existente, con 6 cm. de aglomerado en quente tipo AC16 B50/70 a toda a plataforma, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico semiprofundo.

A apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal, a sinalización horizontal e vertical con pintado das liñas de bordo e símbolos e a colocación de dúas sinais de STOP.

Obxectivos:

1. A mellora do nivel de vida dos cidadáns da municipio, reducindo os seus tempos de desprazamento coas mellores garantías de seguridade.
2. Aumentar a seguridade viaria nas estradas municipais, reducindo o número de accidentes e a súa gravidade.
3. Articular o territorio mellorando a súa accesibilidade, corrixindo os desequilibrios territoriais e potenciando as



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

melloras nos itinerarios das parroquias e lugares máis desfavorecidas.

4. Conseguir unha máxima homoxeneidade na rede municipal en canto a características físicas, interseccións, sinalización e firme, de modo que se adquira unha mellor comodidade e unha máxima seguridade.
5. Conservación e mantemento da rede nun estado aceptable, para o que se deberán establecer as medidas e investimentos adecuados de conservación e explotación.
6. Minimizar o impacto ambiental das actuacións a realizar, así como mellora a contorna das estradas actuais.
7. Evitar responsabilidades patrimoniais por accidentes nas vías municipais.

2. Obxecto do contrato

Descrición: **Mellora capa rodaxe pista igrexa Troitosende ao límite de Ames**

Informes técnicos necesarios: foron consultadas as características técnicas de diversos equipamentos existentes no mercado que cumpren os requisitos e características esixidos pola Deputación provincial da Coruña, nos plans de obras e servizos provinciais.

3. Consideracións técnicas

Requirimentos dos licitadores a considerar no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

4. Consideracións económicas

a) Estudo de mercado

De acordo co disposto no artigo 115 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, realizáronse consultas preliminares do mercado, pois son un instrumento ou práctica que se desenvolve durante a fase preparatoria do contrato ao que poden acudir as entidades contratantes coa finalidade de obter información sobre a capacidade do mercado, o estado da ciencia ou tecnoloxía e informar os operadores económicos sobre os proxectos e os requisitos das futuras contratacións.

En definitiva, realizouse unha análise do mercado para atopar diferentes referencias de prezo, xa que pode resultar esencial coñecer ditas referencias para realizar una correcta valoración económica do contrato (valor estimado do contrato).

b) Valor Estimado

85.002,92 euros (IVA incluído)

O método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para calcular o valor estimado en todo caso deberá figurar nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

Así, a valoración estimada deberá facerse, de acordo co artigo 101.7, tendo en conta os prezos habituais no mercado que se recolleron no estudo de mercado.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

c) Financiamento.

A obra está financiada ao 100 % pola Deputación provincial da Coruña (POS+2023).

d) Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Repercusións e efectos económicos que xerará o contrato proposto, tanto durante a súa execución como durante toda a vida útil da obra obxecto do mesmo, en base á valoración dos gastos futuros ou colaterais aos que de lugar, entendidos como talles os custos de mantemento e conservación e capacidade para afrontalos a longo prazo.

5. Procedemento.

a) Cualificación do contrato.

Segundo a normativa de contratación vixente o contrato cualifícase como contrato de obras.

b) Xustificación do procedemento

De conformidade co artigo 159.1 da LCSP, os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros obras.

b) Que entre os criterios de adjudicación previstos no prego hai avaliábeis mediante xuízo de valor. A súa ponderación non supera o 25 % do total.

c) Execución por lotes

Non procede a execución por lotes polos seguintes motivos: a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato reduciría de maneira drástica o interese das entidades privadas pola súa execución, ao resultar obras de escaso rendemento económico en relación aos equipos humanos e técnicos a desprazar para a execución das mesma e impedindo a correcta execución desde o punto de vista técnico

d) Duración do contrato

6 MESES



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

6. Conclusións

Por todo o anteriormente expresado considérase xustificada a necesidade de tramitar o procedemento de contratación da prestación cuxo obxecto se expresa polo procedemento sinalado.